

Arbitraxe Campionatos Galegos 2023

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitros principais e árbitros adxuntos nos **Campionatos Galegos 2023**.

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal para cada unha das categorías:

CATEGORÍA	LUGAR	ENTRADA	SAÍDA	HONORARIOS
Sub-08 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	17 Febreiro / ás 18:00 h.	19 Febreiro / pola tarde	Principal: 175 euros (*)
Sub-14 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	17 Febreiro / ás 18:00 h.	21 Febreiro / pola tarde	Principal: 315 euros (*)
Sub-18 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	17 Febreiro / ás 18:00 h.	21 Febreiro / pola tarde	Principal: 315 euros (*)
Sub-10 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	31 Marzo / ás 18:00 h.	03 Abril / pola tarde	Principal: 245 euros (*)
Sub-12 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	31 Marzo / ás 18:00 h.	03 Abril / pola tarde	Principal: 245 euros (*)
Sub-16 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	31 Marzo / ás 18:00 h.	04 Abril / pola tarde	Principal: 315 euros (*)
Absoluto, Feminino e Veterán	Hotel Scala (Padrón)	05 Abril / ás 18:00 h.	09 Abril / pola tarde	Principal: 315 euros (*)

Un árbitro adxunto para as seguintes categorías:

CATEGORÍA	LUGAR	ENTRADA	SAÍDA	HONORARIOS
Sub-08 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	17 Febreiro / ás 18:00 h.	19 Febreiro / pola tarde	Adxunto: 125 euros (*)
Sub-10 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	31 Marzo / ás 18:00 h.	03 Abril / pola tarde	Adxunto: 175 euros (*)
Sub-12 (Open e Feminina)	Hotel Scala (Padrón)	31 Marzo / ás 18:00 h.	03 Abril / pola tarde	Adxunto: 175 euros (*)
Absoluto, Feminino e Veterán	Hotel Scala (Padrón)	05 Abril / ás 18:00 h.	09 Abril / pola tarde	Adxunto: 225 euros (*)

NA CATEGORÍA ABSOLUTA HABERÁ ÁRBITRO ADXUNTO SEMPRE QUE SE SUPEREN OS 60 XOGADORES INSCRITOS EN TOTAL.

(*)-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(*)- Máis gastos de desprazamento xustificados.



Titulación requirida:

- Para árbitro principal e adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior (*)

(*) Nas categorías onde se presente o informe valedeiro para elo FIDE (Sub-10, Sub-12, Sub-14, Sub-16, Sub-18 e Absoluto, Feminino e Veterán) só poderán optar aqueles árbitros coa cualificación adecuada para tramitar dito informe (Arbitro Autonómico ou superior).

Tódalas prazas inclúen aloxamento e manutención nos hotéis oficiais en habitación dobre, e poderán ser válidas para obtención de Norma de Árbitro Nacional e/ou inferiores.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata **o 06 de Febreiro de 2023 (incluído)**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por escrito ao email fegaxa@fegaxa.org, a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información. Se se solicita máis dunha categoría, ordenar por orden de preferencia.

Para poder arbitrar un Campionato Galego hai que ter abonada a licenza correspondente ([Circular FEGAXA01/2023](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados serán: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

E as súas obrigas serán: presentarse á hora estipulada na convocatoria, ter actualizada a licenza Vega, a carga de datos de xogadores (tanto o árbitro principal coma o árbitro adxunto, se o houbera), comprobación do elo FIDE e FEDA, realización do informe valedeiro para ELO FIDE e FEDA (*) e remitilo á FEGAXA no prazo que estipula a FEDA na súa circular en vigor.



(*) Nos tomos valedeiros para ELO.